

MARÉ

ENCONTRO ■ Manuel Rivas presentará o autor arxentino, que falará sobre 'O camiño da lectura'

Alberto Manguel, hoxe na Coruña

A Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG) e a Concellaría de Cultura do Concello da Coruña, celebrarán hoxe, ás 20:00 horas, na sede da Real Academia Galega (Rúa Tabernas 11, A Coruña) a cuarta conferencia inscrita no III Encontro Cidade da Coruña, nesta ocasión a cargo do escritor, tradutor e editor arxentino Alberto Manguel, baixo título *O camiño da lectura*.

O III Encontro Cidade da Coruña, baixo lema *Literatura e viaxe*, contou xa coa presenza do poeta arxentino Juan Gelman, do

escritor galego Miguel Anxo Muñedo, da escritora portuguesa Hélia Correia –o pasado 5 de maio– e pechará o vindeiro 19 de maio coa intervención do escritor galego Xavier P. Docampo. O escritor arxentino Alberto Manguel será presentado por Manuel Rivas. Nado en Buenos Aires en 1948, Manguel vivió en Italia, Reino Unido, Tahití e Canadá. Na actualidade reside en Francia. Ten escrito sobre a importancia do lector e o seu propio acto de ler, desde a perspectiva de este se converter en destino e orixe de toda creación literaria. • REDACCIÓN